

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

HISTORIA DE ESPAÑA

SEGUNDO DE BACHARELATO

ÍNDICE

1. Introducción
2. Bloques e unidades temáticas
3. Relación dos bloques e unidades temáticas da proposta curricular cos bloques de contidos do currículo
4. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias básicas
5. Obxectivos xerais
6. Metodoloxía
7. Contidos comúns
8. A unidades temáticas
9. Criterios xerais de avaliación
10. Procedementos e instrumentos de avaliación
11. Temporalización

1. INTRODUCCIÓN

A presente proposta curricular responde ao modelo da programación didáctica para a materia de Historia de 2º curso de Bacharelato organizada segundo os criterios definidos pola Consellería de Educación no Decreto 126/2008, do 19 de xuño (DOG de 23 de xuño de 2008), polo que se establece o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Logo dunha presentación xeral dos bloques temáticos e da súa correlación cos bloques do currículo, móstrase a contribución desta materia á mellora das competencias básicas e a opción metodolóxica elixida; co obxectivo dunha maior globalización e brevidade, no apartado de secuencia dos contidos inclúense os obxectivos específicos de cada bloque temático, así como os contidos e os criterios de avaliación da materia e unha distribución horaria das unidades ao longo dun curso escolar.

2. BLOQUES E UNIDADES TEMÁTICAS

A Historia é unha materia común para todas as modalidades do Bacharelato, cunha dedicación semanal de 3 horas e aproximadamente unhas 95 horas anuais. Nesta proposta, os contidos conceptuais distribúense en catro bloques temáticos e cronolóxicos, que se organizan internamente nun total de dez unidades temáticas.

AS RAÍCES HISTÓRICAS

1. HISPANIA E GALLAECIA NA ANTIGÜIDADE

1. As primeiras culturas
2. A romanización
3. Os reinos xermánicos de Hispania

2. AL-ANDALUS E OS REINOS CRISTIÁNS MEDIEVAIS

1. Esplendor de Al-Andalus e formación dos reinos cristiáns
2. Expansión cristiá e a fin de al-Andalus
3. Sociedade e monarquía feudal
4. A crise dos séculos XIV e XV
5. A Galicia medieval

O ANTIGO RÉXIME

3. OS REIS CATÓLICOS E A MONARQUÍA HISPÁNICA

1. Os Reis Católicos
2. A Monarquía dos Austrias
3. Conquista e explotación da América española
4. A Galicia dos Austrias

4. A MONARQUÍA BORBÓNICA NO ANTIGO RÉXIME

1. O Antigo Réxime: trazos fundamentais
2. Os Borbóns e a Coroa de España no século XVIII
3. A Galicia borbónica

O RÉXIME LIBERAL

5. INICIOS E CONSOLIDACIÓN DO RÉXIME LIBERAL

1. Crise do Antigo Réxime e revolución liberal
2. A construción do Estado liberal
3. O Sexenio Democrático. 1868-1874
4. O modelo de Estado na España liberal

6. ESTADO E NACIÓN NA RESTAURACIÓN BORBÓNICA

1. O réxime da Restauración borbónica. 1875-1923
2. O reinado de Afonso XIII e a crise do sistema da Restauración. 1902-1931
3. Nación e nacionalismos en España

7. AS TRANSFORMACIÓNS SOCIOECONÓMICAS NA ESPAÑA LIBERAL

1. Atraso e desenvolvemento económico
2. Modernización demográfica e emigración
3. Nova sociedade de clases e dominio burgués
4. Conflitividade social e movemento obreiro

REPÚBLICA, DITADURA E DEMOCRACIA

8. SEGUNDA REPÚBLICA E GUERRA CIVIL

1. A Segunda República
2. A Guerra Civil

9. ESPAÑA NO FRANQUISMO

1. Bases e apoios da ditadura franquista
2. Unha longa posguerra. 1939-1959
3. Desenvolvemento económico e inmovilismo político. 1959-1973
4. A agonía do franquismo. 1973-1975

10. ESPAÑA EN DEMOCRACIA

1. A transición democrática. 1975-1977
2. A Constitución de 1978
3. Os gobernos de UCD. 1977-1982
4. Os gobernos socialistas de Filipe González. 1982-1996
5. Os gobernos conservadores de Xosé María Aznar. 1996-2004
6. Os gobernos socialistas de Xosé Luís Rodríguez Zapatero. 2004-
7. A Galicia autonómica

3. RELACIÓN DOS BLOQUES E UNIDADES TEMÁTICAS DA PROPOSTA CURRICULAR COS BLOQUES DE CONTIDOS DO CURRÍCULO

BLOQUES DE CONTIDOS DO CURRÍCULO

CONTIDOS COMÚNS

1. Localización no tempo, no espazo e contextualización de procesos, estruturas e acontecementos relevantes da historia de España, identificando os elementos que contribuíron a configurar os trazos actuais de Galicia e España.
2. Identificación e comprensión dos elementos de causalidade que se dan nos procesos de evolución e cambio para a historia de España e para a configuración da realidade actual na súa diversidade.
3. Busca, selección e interpretación da información procedente de diversas fontes primarias e secundarias: textos, mapas, gráficas, imaxes, tradición oral, prensa, así como a proporcionada polas tecnoloxías da información e da comunicación, para elaborar explicacións históricas rigorosas e comunicalas por escrito ou oralmente.

4. Análise de temas destacados, como o papel das mulleres na historia ou a articulación territorial do Estado, participando en debates en que se aborden criticamente as achegas de diferentes puntos de vista.
5. Elaboración de pequenos traballos de investigación no contorno sobre algún momento destacado da historia contemporánea, establecendo conexións cos marcos galego, español e europeo e contrastando diferentes interpretacións historiográficas.

AS RAÍCES HISTÓRICAS DA ESPAÑA CONTEMPORÁNEA

1. As pegadas das primeiras culturas e da dominación romana na Península.
2. Pluralidade política e cultural da Península na Idade Media: Al-Andalus e os reinos cristiáns. Formas de vida e intercambio cultural. A ocupación do territorio e consecuencias socioeconómicas. Trazos da Galicia feudal.
3. Formación da monarquía hispánica. Castela á cabeza dun imperio: o mantemento das particularidades dos reinos, con especial atención ao Reino de Galicia.
4. Expansión ultramarina e creación do imperio colonial. O impacto da colonización.
5. Trazos económicos, sociais e políticos do Antigo Réxime. A política centralizadora dos Borbóns. O reformismo ilustrado. Galicia no Antigo Réxime.

QUEBRA DA MONARQUÍA ABSOLUTA

1. Guerra e revolución: a guerra contra os franceses e o seu impacto en Galicia. A obra de Cádiz: os decretos e a Constitución de 1812.
2. O reinado de Fernando VII: absolutismo fronte a liberalismo.
3. Independencia das colonias americanas.
4. Construción e evolución do Estado liberal burgués.
5. Reinado de Isabel II: dominio do liberalismo moderado. A guerra carlista e acceso ao poder dos liberais. Grupos políticos e papel do exército. Inestabilidade política e institucional.
6. Significado de Sexenio: intentos democratizadores. Da revolución ao ensaio republicano.
7. O réxime da Restauración: características e funcionamento do sistema canovista. A oposición ao réxime. Guerra colonial e crise de 1898. Intentos de modernización e crise do sistema. Conflitividade social e problema de Marrocos.
8. O Estado-nación español e os nacionalismos. Evolución do galeguismo.

TRANSFORMACIÓNS ECONÓMICAS E CAMBIOS SOCIAIS NO SÉCULO XIX E PRIMEIRO TERZO DO SÉCULO XX

1. Transformacións na agricultura e desamortizacións. Características e consecuencias da desamortización en Galicia e trazos de modernidade na agricultura.
2. Debilidade e fragmentación do desenvolvemento industrial. Modernización dos transportes: o ferrocarril. Emerxencia do sistema financeiro. Debilidade do mercado nacional. Desindustrialización e novos sectores en Galicia.
3. Evolución demográfica. Os movementos migratorios. Efectos da emigración en Galicia.
4. Transformacións sociais: a sociedade de clases. Novos grupos dominantes: oligarquías e clases medias. O movemento obreiro e as organizacións campesiñas. O agrarismo na Galicia caciquil. Situación da muller e movementos feministas.
5. A quebra do sistema liberal: ditadura e democracia.
6. O contexto internacional de entreguerras. A ditadura de Primo de Rivera.

7. A Segunda República. A Constitución de 1931: principios e institucións dunha democracia avanzada. O voto feminino. Política de reformas e polarización social. O nacionalismo galego, vasco e catalán.
8. Os gobernos republicanos. Confrontación política e revoltas sociais. As reaccións antidemocráticas.

GUERRA CIVIL E DITADURA FRANQUISTA

1. Sublevación militar e guerra civil. Dimensión política e internacional do conflito. Evolución das dúas zonas: revolución social e conflitos na zona republicana; a formación do estado franquista.
2. O franquismo da posguerra: bases ideolóxicas e sociais. Autarquía e illamento internacional. A resistencia da guerrilla.
3. A consolidación do réxime. Crecemento económico e transformacións sociais. Emigración a Europa. A oposición no interior e no exilio.
4. Elementos de cambio na etapa final do franquismo. A sociedade civil e a oposición ao réxime.
5. A vida cotiá no franquismo. O seu impacto en Galicia.

A ESPAÑA ACTUAL

1. O proceso de transición á democracia, logros e limitacións. A Constitución de 1978: principios e institucións democráticas. O proceso autonómico e o Estatuto de Autonomía de Galicia.
2. Os gobernos democráticos. Cambios sociais, económicos, lexislativos e culturais. A construción do Estado de benestar.
3. Galicia e España na Unión Europea. O papel de España no contexto internacional.
4. Problemas e perspectivas actuais.

Contidos do Currículo		Proposta curricular									
		1 Hispania e Gallaecia na Antigüidade	2 Al-Andalus e os reinos cristiáns	3 Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica	4 A Monarquía borbónica	5 Inicios e consolidación do réxime liberal	6 Estado e nación na Restauración borbónica	7 As transf. socioecon. na España liberal	8 Segunda República e Guerra civil	9 España no franquismo	10 España en democracia
Contidos comúns	1	*	*	*	*	*	*	*	*	*	
	2	*	*	*	*	*	*	*	*	*	
	3	*	*	*	*	*	*	*	*	*	
	4	*	*	*	*	*	*	*	*	*	
	5	*	*	*	*	*	*	*	*	*	

As raíces históricas da España contemporánea	1	*								
	2		*							
	3		*	*						
	4			*						
	5				*					

Quebra da monarquía absoluta	1					*				
	2					*				
	3					*				
	4					*	*			
	5					*				
	6					*				
	7						*			
	8						*			

Transformacións socioeconómicas e cambios sociais	1						*			
	2						*			
	3						*			
	4						*			
	5					*				
	6					*				
	7							*		
	8							*		

Guerra civil e ditadura franquista	1							*		
	2								*	
	3								*	
	4								*	
	5								*	

A España actual	1									*
	2									*
	3									*
	4									*
	5									*

4. ACHEGA DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A materia de Historia de España contribúe de forma importante ao desenvolvemento das competencias que o alumnado debe acadar ao longo do seu proceso formativo.

Competencia en comunicación lingüística. O desenvolvemento desta competencia permite expresar, comunicarse, comprender... de forma oral e escrita, a través de:

- Lectura, comprensión e síntese da información escrita e oral que recibe o alumnado.
- Análise, comentario e interpretación de documentos históricos.
- Contraste de interpretacións historiográficas e elaboración de sínteses integrando informacións de distinto signo.
- Utilización de fontes orais para a realización e exposición de pequenos traballos sobre a evolución de aspectos relacionados coa vida cotiá de períodos recentes da historia.
- Definir termos históricos. Expresar correctamente, de forma oral e escrita, ideas propias e relacionadas co coñecemento histórico.
- Redactar comentarios e desenvolver temas de carácter histórico, a partir de documentos de carácter histórico.

Competencia social e cidadá. O estudo da historia permite comprender a realidade social en que se vive, convivir e exercer a cidadanía democrática unha sociedade plural, así como o seu carácter evolutivo. Ao seu desenvolvemento contribúese:

- Promovendo o interese polo coñecemento crítico de sociedades e culturas diversas, tanto históricas como actuais, e a súa percepción como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade.
- Consolidando actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diferentes pobos de España, respectando e valorando positivamente os aspectos comúns e diferenciais e a pertenza simultánea a máis dunha identidade colectiva.
- Fomentando do compromiso activo, responsable e consciente coa paz, a democracia e os dereitos humanos e sensibilidade fronte os problemas derivados das situacións de desigualdade.
- Tomando conciencia da importancia dunha preparación en Historia para adoptar unha posición social crítica propia.
- Valorando o diálogo e a tolerancia para resolver os conflitos, en contraposición ao dogmatismo e á violencia.

Competencia cultural e artística. Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, ás que o estudo da historia contribúe:

- Interpretando as manifestacións artísticas como expresión da cultura e da sociedade que as produce.
- Analizando, valorando e comentando obras de arte, obras fílmicas e literarias, que ademais son fontes de información histórica.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico. A competencia que permite a adecuada percepción do espazo físico en que se desenvolven a vida e a actividade humana, tanto a grande escala como no contorno inmediato e a habilidade para interactuar co espazo circundante. Ao desenvolvemento desta competencia contribúese mediante:

- A análise e comentario de mapas históricos referidos a aspectos políticos, territoriais, bélicos, económicos... das diversas etapas e culturas históricas.
- A localización e relación dos feitos históricos co espazo xeográfico onde se producen.
- A valoración dos cambios e transformacións do espazo como consecuencia dos diversos feitos protagonizados pola acción humana.

Competencia matemática. Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, para producir e interpretar distintos tipos de información e ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos, espaciais e cronolóxicos da realidade. Ao desenvolvemento desta competencia contribúe:

- A realización de operacións de cálculo para a confección de eixes cronolóxicos, gráficas (circulares, de barras ou liñas) a partir de datos numéricos.
- A análise e comentario de situacións socioeconómicas que presentan unha evolución nos indicadores en táboas de datos, gráficas de liñas e barras.
- Resolución de problemas mediante cálculos porcentuais para a elaboración de gráficas.

Competencia para aprender a aprender. O dominio desta competencia supón dispoñer de habilidades para afondar na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo. Ao desenvolvemento desta competencia contribúese con:

- A ampliación dos coñecementos adquiridos e a comunicación do propio traballo.
- A elaboración de esquemas, mapas conceptuais e táboas comparativas para comprender, relacionar e asimilar mellor os coñecementos.
- A aprendizaxe dos propios erros e a comprobación do nivel de coñecementos adquiridos a través das actividades propostas e das probas de avaliación.

Tratamento da información e competencia dixital. Consiste en dispoñer da habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento, ao que se contribúe:

- Buscando e procesando información obtida de fontes diversas: cartográficas, iconográficas, textuais, fílmicas e a Internet.
- Confeccionando e analizando gráficas, táboas de datos e eixes do tempo.
- Presentando de forma escrita, ordenada, estruturada e clara a información obtida.

Autonomía e iniciativa persoal. A adquisición desta competencia permite ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico, ao que se contribúe potenciando:

- A capacidade de análise e crítica, argumentando os propios puntos de vista de forma razoada.
- A aplicación dos coñecementos adquiridos a novas situacións.
- A planificación e responsabilidade sobre os compromisos adquiridos no traballo individual e colectivo.

5. OBXECTIVOS XERAIS

O ensino da materia de Historia terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Identificar e situar no espazo e no tempo os procesos globais e acontecementos máis relevantes da historia de España, a súa diversidade territorial e a especificidade de Galicia para comprender a xénese da historia recente.
2. Coñecer e comprender os procesos da historia contemporánea máis importantes, tanto pola súa xénese como polas súas repercusións na actualidade, observando as interrelacións que se dan entre os feitos políticos, sociais, económicos e culturais.
3. Desenvolver unha perspectiva integradora da historia de España que respecte a pluralidade de identidades que a conforman –non só territoriais, senón tamén sociais– e que potencie actitudes de solidariedade.
4. Situar o proceso histórico español e a súa variedade identitaria no marco internacional para poder ver as implicacións e influencias mutuas e ser capaces de ter unha idea coherente e articulada da historia.
5. Distinguir os cambios conxunturais dos trazos que identifican os procesos históricos profundos para se capaces de pensar historicamente sobre os problemas máis relevantes do mundo actual.
6. Coñecer o proceso de formación das normas que regulan o ordenamento constitucional, promovendo o compromiso cos valores democráticos e o interese por participar na vida cidadá.
7. Valorar e comprender as loitas contra as discriminacións que producen opresión e inxustizas, comprometéndose na defensa dos dereitos humanos e tomando consciencia da necesidades de ter presentes suxeitos xeralmente silenciados na historia, en especial as mulleres.
8. Seleccionar e interpretar información procedente de diversas fontes aplicando as técnicas metodolóxicas propias da materia (composición de textos, interpretación de imaxes, mapas, gráficas) para contrastar diversos puntos de vista e desenvolver a capacidade de exercer a crítica histórica.
9. Realizar investigacións de carácter histórico no ámbito de referencia do alumnado, manexando fontes como a historia oral, a prensa ou as tecnoloxías da información e da comunicación para aproximarse á propia comunidade, comprender o carácter provisorio do coñecemento e a diversidade das manifestacións históricas.

Proposta curricular	Obxectivos xerais do Currículo								
	1	2	3	4	5	6	7	8	9
1. Hispania e Gallaecia na antigüidade	*		*	*				*	*
2. Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais	*		*	*				*	*
3. Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica	*		*	*				*	*
4. A Monarquía borbónica no Antigo Réxime	*		*	*			*	*	*
5. Inicios e consolidación do réxime liberal	*	*	*	*	*	*	*	*	*
6. Estado e Nación na Restauración borbónica	*	*	*	*	*	*	*	*	*

7. As transformacións socioeconómicas na España liberal	*	*	*	*	*	*	*	*	*
8. Segunda República e Guerra Civil	*	*	*	*	*	*	*	*	*
9. España no franquismo	*	*	*	*	*	*	*	*	*
10. España en democracia	*	*	*	*	*	*	*	*	*

6. METODOLOXÍA

Para alcanzar os obxectivos desta materia, sintetizados en conseguir que o alumnado se achegue ao estudo dos feitos e procesos históricos máis significativos da historia da España, trabállase cun **modelo explicativo do cambio histórico** baseado na distinción de distintos sistemas configurados por uns trazos sociais, políticos, económicos, culturais e ideolóxicos específicos que se desenvolven nun período de tempo determinado e que, polo seu propio desenvolvemento, evolucionan e orixinan novos sistemas. Este é o criterio aplicado á hora de organizar os contidos da materia, os catro bloques temáticos en que se distribúen os contidos a desenvolver durante o curso.

Á hora de optar por unha ou outra **metodoloxía didáctica** das varias que se poden aplicar na ensinanza-aprendizaxe da Historia, optamos por aquela que combina a construción do coñecemento histórico do alumnado sobre unha base dobre: a exposición oral significativa por parte do profesorado na aula, dirixindo e organizando o traballo e a selección dos aspectos a traballar, e o traballo con fontes documentais por parte do alumnado. É dicir, trátase dun modelo integrador en que se combina a aprendizaxe por recepción e por descubrimento.

A elección desta metodoloxía condiciona a presentación dos contidos, de forma que se debe combinar a información explícita, que facilite ao alumnado a comprensión dos fenómenos históricos, coa reconstrución e verificación de parte da información por el mesmo mediante a lectura e o comentario de numerosos documentos históricos, integrados no discurso explicativo, incardinados nel, non como un complemento optativo ou de información complementaria, senón como partes integrantes da explicación e reconstrución histórica.

A información ou exposición, sempre que sexa significativa, facilita ao alumnado a captación e comprensión das redes conceptuais básicas propias da Historia. A significatividade vén dada por varios elementos que van desde a organización da información –de modo lóxico e de doada captación e comprensión por parte do alumnado– ata a propia significatividade potencial do material seleccionado –que permita establecer nexos entre a nova información e a que cada alumno xa posúe– facilitando así a reconstrución persoal dos acontecementos históricos. Estes nexos –ou organizadores previos, segundo Ausubel– están presentados en forma de ideas xerais expostas ao comezo dos bloques e unidades temáticas para que o alumnado coñeza as liñas xerais e básicas sobre as que vai traballar.

En definitiva, a metodoloxía proposta non responde a un modelo puro, senón máis ben ecléctico, en que ten unha carga importante a aprendizaxe significativa de reconstrución do acontecer histórico por parte do alumnado, pero no que non se elimina nin a explicación escrita nin oral por parte do profesor, especialmente na introdución das unidades temáticas, na orientación permanente do traballo do alumnado e na elaboración de conclusións.

Para darlle continuidade ao traballo realizado nas etapas educativas anteriores, será precisa unha actualización metodolóxica que favoreza a innovación na aula e o desenvolvemento de metodoloxías activas e participativas, para o que será preciso:

- Contextualizar os procesos, estruturas e acontecementos históricos máis relevantes, identificando os elementos que contribuíron a configurar os trazos actuais de Galicia e España.
- Potenciar unha análise histórica, recoñecendo a multicausalidade na xénese dos procesos de evolución e cambio na historia de España e nos conflitos sociais e políticos.
- Favorecer a transformación da información en coñecemento, a través da selección e interpretación de contidos procedentes de diversas fontes, propiciando a elaboración de explicacións históricas rigorosas e coherentes.
- Producir e interpretar informacións sobre aspectos cuantitativos e espaciais.
- Promover a participación do alumnado en debates sobre temas seleccionados en función da súa potencialidade crítica para a comprensión de problemas socialmente relevantes, utilizando as normas do intercambio comunicativo.
- Elaboración de traballos de investigación no contorno sobre algún momento destacado da historia contemporánea, establecendo conexións cos marcos galego, español e europeo.
- Utilizar técnicas básicas de indagación e explicación histórica, para entender a provisionalidade de todo coñecemento, e ensinar a pensar historicamente.
- Utilizar actividades de carácter interdisciplinario a través do traballo en grupo e da colaboración na resolución de problemas.
- Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como instrumentos que reforzan a comunicación interpersonal e o traballo cooperativo, así como a relación con contornos físicos e sociais máis amplos, ademais de practicar o manexo crítico e selectivo da información que proporcionan.

7. CONTIDOS COMÚNS

- Análise, comentario e interpretación de documentos históricos: textos, imaxes e obras artísticas.
- Identificación e clasificación dos factores causais que explican procesos de cambio global ou feitos históricos.
- Análise de táboas, gráficas e mapas que permitan observar a situación socioeconómica das diferentes etapas históricas.
- Análise de mapas que permitan observar a evolución das unidades políticas integrantes de España nas diferentes etapas históricas.
- Análise das accións e intervencións dos grupos e das persoas que interveñen nalgún feito histórico, con axuda de diversos medios.
- Preparación e realización de debates sobre os temas traballados ao longo do curso.
- Identificación, nunha situación de conflito dada, dos distintos factores que nela interveñen.
- Elaboración de pequenas sínteses sobre temas traballados na aula.

- Identificación das causas próximas e remotas que levan a situacións de conflictividade social.
- Contraste de interpretacións historiográficas e elaboración de sínteses integrando informacións de distinto signo.
- Identificación, coa axuda de diferentes fontes, dos acontecementos internacionais que inflúen na situación política e socioeconómica española.
- Confección e análise de táboas cronolóxicas, gráficas e proxección de secuencias de imaxes que permitan observar aspectos relevantes dun período histórico.
- Proxección de documentais.
- Confección dun informe de prensa sobre algún aspecto significativo dun período histórico recente traballado na aula.
- Interpretación e representación de gráficas, series estatísticas etc. que reflecten a evolución económica dun período determinado estudado.
- Utilización de fontes orais para a realización e exposición de pequenos traballos sobre a evolución de aspectos relacionados coa vida cotiá de períodos recentes da historia.
- Utilización de diversos medios (vídeos, diapositivas, discos, fotografías etc.), que faciliten a comprensión das tensións e da dinámica cultural da historia de España.
- Adopción dunha postura crítica e de rigor ante as distintas fontes de produción do coñecemento histórico.
- Interese polo coñecemento crítico de sociedades e culturas diversas, tanto históricas como actuais, e a súa percepción como elementos enriquecedores da existencia colectiva da humanidade.
- Fomentar un sentimento positivo de pertenza a unha Comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España), e a unha cultura europea e universal desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, Estados e culturas.
- Consolidar actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diferentes pobos de España, respectando e valorando positivamente os aspectos comúns e diferenciais e a pertenza simultánea a máis dunha identidade colectiva.
- Fomento do compromiso activo, responsable e consciente coa paz, a democracia e os dereitos humanos e sensibilidade fronte os problemas derivados das situacións de desigualdade.
- Toma de conciencia da importancia dunha preparación en Historia para adoptar unha posición social crítica propia.
- Interese por coñecer as causas e os motivos das actuacións persoais na explicación dos cambios históricos.
- Valoración do diálogo e da tolerancia para resolver os conflitos, en contraposición ao dogmatismo e á violencia.

8. AS UNIDADES TEMÁTICAS

1. HISPANIA E GALLAECIA NA ANTIGÜIDADE

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Comprender a dificultade de coñecer as orixes do poboamento peninsular e os vestixios das primeiras culturas.
- Diferenciar as orixes míticas das culturas e pobos peninsulares dos coñecementos obtidos a través de fontes científicas e históricas.
- Coñecer as principais culturas prerromanas de Hispania e de Gallaecia.

- Valorar o impacto da romanización na Península Ibérica.
- Recoñecer algún dos vestixios da civilización romana na actualidade.
- Reflexionar sobre a chegada e asentamento de pobos de orixe xermánica no territorio peninsular.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- As primeiras culturas.
- A romanización.
- Os reinos xermánicos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.
- Identificar os elementos característicos das primeiras culturas peninsulares.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.

2. AL-ANDALUS E OS REINOS CRISTIÁNS MEDIEVAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Comprender a singularidade da convivencia de cristiáns e musulmáns durante a Idade Media peninsular.
- Reflexionar sobre o éxito do avance e rápido dominio musulmán da Península despois de 711.
- Diferenciar o modelo social, económico e cultural dos reinos cristiáns en contraste co modelo dos reinos e territorios musulmáns.
- Apreciar o desenvolvemento económico e cultural alcanzado pola sociedade hispana de al-Andalus.
- Identificar algúns dos vestixios da civilización musulmá presente na actualidade.
- Coñecer a orixe das diferentes unidades territoriais que se foron configurando na península ibérica.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- Splendor de al-Andalus e a formación dos reinos cristiáns.
- A expansión cristiá e a fin de al-Andalus.
- A sociedade e a monarquía feudal.
- A crise dos séculos XIV e XV.
- A Galicia medieval.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.
- Identificar e caracterizar os trazos característicos do feudalismo peninsular.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Situar no tempo e no espazo as diversas culturas medievais peninsulares.
- Relacionar fontes de información diversas como explicativas de procesos históricos complexos.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.

3. OS REIS CATÓLICOS E A MONARQUÍA HISPÁNICA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Analizar o reinado dos Reis Católicos como o tránsito da Idade Media á Idade Contemporánea e o inicio da formación do Estado moderno, coa transformación dos órganos de goberno e o reforzo da autoridade nos monarcas.
- Reflexionar sobre o proceso de exploración e conquista das terras descubertas en América e as súas consecuencias.
- Coñecer o modelo políticos instaurado polos monarcas Austrias na Monarquía hispánica.
- Identificar os distintos territorios que formaron parte da Monarquía hispánica nos séculos XVI e XVII.
- Diferenciar a posición internacional da Monarquía hispánica, hexemónica no século XVI e de dificultades e guerras continuas no século XVII.
- Valorar o papel de Galicia na política internacional dos monarcas Austrias.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- Os Reis Católicos.
- A Monarquía dos Austrias.
- Conquista e explotación da América española.
- A Galicia dos Austrias.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.
- Identificar e caracterizar os trazos característicos da monarquía hispánica.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Relacionar fontes de información diversas como explicativas de procesos históricos complexos.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Demostrar a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa adquiridos e traballados con anterioridade.

4. A MONARQUÍA BORBÓNICA NO ANTIGO RÉXIME. 1700-1808

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Identificar os trazos fundamentais que definen o Antigo Réxime hispano.
- Recoñecer o modelo de organización que introduce a nova dinastía borbónica na Coroa de España
- Valorar o esforzo reformista iniciado polos ilustrados españois e galegos, así como as dificultades e limitacións con que se atoparon.
- Reflexionar sobre o impacto que a Revolución francesa de 1789 tivo sobre a sociedade e sobre a monarquía españolas.
- Apreciar as diferentes consecuencias que o novo modelo político centralista e uniforme tivo para os distintos reinos, señoríos e territorios peninsulares.
- Valorar a evolución da situación internacional da Monarquía borbónica española durante o século XVIII.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- O Antigo Réxime: trazos característicos.
- Os Borbóns e a Coroa de España no século XVIII.
- A Galicia borbónica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.
- Recoñecer a orixe e xustificación da monarquía absoluta.
- Coñecer algúns aspectos do pensamento ilustrado.
- Identificar e caracterizar os trazos característicos do Antigo Réxime.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Relacionar fontes de información diversas como explicativas de procesos históricos complexos.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Demostrar a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa adquiridos e traballados con anterioridade.

5. INICIOS E CONSOLIDACIÓN DO RÉXIME LIBERAL. 1808-1875

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Comprender a natureza do cambio histórico que experimenta a sociedade e o Estado neste período.
- Relacionar a situación española destes momentos coa situación internacional: Napoleón e a Europa dos Congresos.
- Analizar os factores que contribúen á especificidade da revolución española.
- Identificar as distintas ideoloxías da sociedade española a comezos de XIX: absolutistas, liberais e reformistas.
- Adquirir un vocabulario histórico preciso que permita unha mellor comprensión e utilización do mesmo na análise da realidade.
- Valorar a transcendencia política e económica da independencia das colonias españolas en América.
- Identificar as ideoloxías políticas dominantes e as minoritarias do século XIX en España.
- Identificar as características principais do Estado liberal moderado en comparación con outros modelos de réxime representativo.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- Crise do Antigo Réxime e revolución liberal.
- A construción do Estado liberal.
- O Sexenio Democrático. 1868-1874
- O modelo de Estado na España liberal.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.

- Identificar os elementos característicos do sistema liberal.
- Recoñecer nos acontecementos revolucionarios do século XIX as bases do sistema democrático.
- Identificar as ideoloxías políticas dominantes e as minoritarias do século XIX en España.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Relacionar fontes de información diversas como explicativas de procesos históricos complexos.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Demostrar a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa adquiridos e traballados con anterioridade.
- Coñecer os feitos históricos máis relevantes do século XIX español.

6. ESTADO E NACIÓN NA RESTAURACIÓN BORBÓNICA. 1875-1931

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Coñecer o sistema político da Restauración, o seu funcionamento e a súa evolución.
- Identificar as causas que levan á crise do sistema.
- Recoñecer as causas que levaron á Ditadura e a fin do sistema constitucional e liberal.
- Identificar as características básicas da ditadura de Primo de Rivera e as súas similitudes e diferenzas co fascismo italiano.
- Reflexionar sobre as críticas que os rexeneracionistas facían ao sistema político da Restauración e as propostas de reforma política, social, económica e cultural.
- Analizar a diversidade rexional e a súa evolución cara ao nacionalismo.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- O Réxime da Restauración borbónica.
- O reinado de Afonso XIII e a crise do sistema da Restauración.
- Nación e nacionalismos en España.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.
- Identificar os elementos característicos do sistema político da Restauración.
- Identificar as causas que levan á crise do sistema.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Relacionar fontes de información diversas como explicativas de procesos históricos complexos.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Demostrar a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa adquiridos e traballados con anterioridade.
- Coñecer as críticas dos intelectuais e políticos rexeneracionistas ao sistema da Restauración.
- Coñecer e valorar a diversidade rexional e a súa evolución cara ao nacionalismo

7. AS TRANSFORMACIÓN S SOCIOECONÓMICAS NA ESPAÑA LIBERAL. 1808-1931

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Valorar as consecuencias da revolución agraria liberal e das desamortizacións para os distintos sectores afectados.
- Distinguir os factores que interveñen nos desequilibrios territoriais que se producen no século XIX.
- Analizar a evolución socioeconómica deste século.
- Comprender as causas do atraso económico relativo de España contemporánea.
- Relacionar os avances e retrocesos de revolución liberal co lento proceso de cambio socioeconómico.
- Identificar as causas que levan á conflitividade social tanto no rural como nas cidades.
- Analizar os cambios demográficos que se producen na sociedade española, así como as causas da emigración.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- Atraso e desenvolvemento económico.
- Modernización demográfica e emigración.
- Nova sociedade de clases e dominio burgués.
- Conflitividade social e movemento obreiro

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.
- Identificar e caracterizar os trazos característicos do desenvolvemento económico no século XIX.
- Valoración crítica dos procesos de cambio, analizando as consecuencias para os diferentes grupos sociais.
- Coñecer a orixe e o desenvolvemento do proletariado.
- Recoñecer as principais correntes de pensamento dos movementos sociais.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Demostrar a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa adquiridos e traballados con anterioridade.
- Mostrar capacidade crítica á hora de analizar distintas interpretacións históricas.

8. SEGUNDA REPÚBLICA E GUERRA CIVIL. 1931-1939

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Coñecer as causas que levaron á proclamación da Segunda República.
- Analizar as características principais do réxime republicano, así como os distintos partidos políticos que foron protagonistas nesta época republicana.
- Identificar os conflitos básicos da España republicana e os grupos sociais afectados.
- Comprender as causas do fracaso da experiencia republicana e o seu desenlace nunha Guerra Civil.

- Analizar a evolución das operacións militares e o avance das fronteas de guerra, así como os condicionamentos do seu desenlace.
- Analizar o desenvolvemento político e social na España republicana e na España *nacional*.
- Identificar a axuda estranxeira recibida en ambos os bandos durante a Guerra.
- Valorar o significado deste conflito para a evolución do noso país.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- A Segunda República.
- A Guerra Civil.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.
- Identificar as causas que levaron á proclamación da República
- Valoración crítica dos procesos de cambio, analizando as consecuencias para os diferentes grupos sociais.
- Coñecer a orixe e o desenvolvemento da Guerra civil.
- Recoñecer as principais forzas políticas que se desenvolven neste período.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Demostrar a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa adquiridos e traballados con anterioridade.
- Mostrar capacidade crítica á hora de analizar distintas interpretacións históricas.

9. ESPAÑA NO FRANQUISMO. 1936-1975

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Coñecer os trazos ideolóxicos básicos do franquismo e a procedencia da súa fundamentación ideolóxica.
- Comparar a evolución política do réxime coa evolución social e económica que se produce en España.
- Realizar pequenos traballos de investigación utilizando fontes escritas e orais.
- Coñecer as etapas principais da evolución socioeconómica do país.
- Analizar e utilizar de maneira crítica fontes e material historiográfico diverso sobre este período.
- Comprender a dualidade cultural existente na España franquista.
- Valorar o labor da oposición á ditadura.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- Bases e apoios da ditadura franquista.
- Unha longa posguerra. 1939-1959.
- Desenvolvemento económico e inmovilismo político. 1959-1973.
- A agonía do franquismo. 1973-1975.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.

- Recoñecer os elementos característicos do réxime franquista.
- Situar no tempo e no espazo os principais acontecementos e procesos relacionados co tema tratado.
- Valoración crítica dos procesos de cambio, analizando as consecuencias para os diferentes grupos sociais.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.
- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Demostrar a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa adquiridos e traballados con anterioridade.
- Mostrar capacidade crítica á hora de analizar distintas interpretacións históricas.

10. ESPAÑA EN DEMOCRACIA. 1975-2008

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Comprender o proceso de transición á democracia.
- Analizar e explicar a pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual.
- Comprender os desequilibrios territoriais e os diferentes graos de desenvolvemento existentes no Estado español, cunha actitude solidaria a participativa na defensa de proxectos que leve a mitígalos.
- Promover un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España) e a unha cultura universal.
- Participar activamente na defensa do patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego, valorando a diversidade como dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade.
- Comprender a dimensión internacional da historia española recente, adquirindo unha visión global dos problemas e dos proxectos colectivos que supere enfoques localistas e promova actitudes democráticas e tolerantes.

CONTIDOS CONCEPTUAIS:

- A transición democrática. 1975-1977.
- A Constitución de 1978.
- Os gobernos de UCD. 1977-1982.
- Os gobernos socialistas de Filipe González. 1982-1996.
- Os gobernos conservadores de Xosé María Aznar. 1996-2004.
- Os gobernos socialistas de Xosé Luís Rodríguez Zapatero. 2004-.
- A Galicia autonómica.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Analizar e comentar mapas, imaxes e textos históricos relacionados cos contidos da unidade.
- Recoñecer os elementos característicos do réxime democrático.
- Situar no tempo e no espazo os principais acontecementos e procesos relacionados co tema tratado.
- Valoración crítica dos procesos de cambio, analizando as consecuencias para os diferentes grupos sociais.
- Empregar correctamente a terminoloxía específica da unidade.

- Coñecer algúns dos aspectos e acontecementos máis relevantes desta etapa histórica relacionados co contorno máis inmediato do alumnado.
- Demostrar a capacidade de relacionar novos conceptos con outros xa adquiridos e traballados con anterioridade.
- Mostrar capacidade crítica á hora de analizar distintas interpretacións históricas.

9. CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN

1. Recoñecer e valorar os procesos da historia peninsular anteriores ao século XVIII que resultan máis significativos para a comprensión da época contemporánea, as súas pegadas na actualidade no conxunto do territorio e as peculiaridades en Galicia.

Trátase de avaliar a capacidade de recoñecer e situar no tempo os vestixios do pasado e a súa diversidade no espazo, valorando criticamente a importancia histórica dalgúns procesos como a institucionalización do patriarcado a través do dereito romano, a formación dos reinos peninsulares na Idade Media ou o papel da monarquía hispánica no mundo. Valorarase tamén a capacidade de identificar e contextualizar o legado material e simbólico que para Galicia supón o megalitismo atlántico, a cultura castrexa ou o camiño de Santiago. Tamén se comprobará a súa competencia para diferenciar os trazos de cambio e continuidade que representa o século XVIII.

2. Analizar e caracterizar a crise do Antigo Réxime en España e as dificultades na construción do Estado liberal, sinalando as relacións deste proceso no contexto internacional, así como a súa repercusión en Galicia.

Trátase de que o alumnado poida identificar os trazos característicos do Antigo Réxime opoñéndoos, tanto ao proxecto universalista da Ilustración como ás realizacións prácticas no Estado liberal burgués. Tamén se avaliará a capacidade para recoñecer as dificultades na construción do réxime liberal en España, o limitado impacto dos esforzos democratizadores, as características do sistema político da Restauración e as confrontacións sociais, políticas e militares que conduciron á súa crise. Reflexionarán sobre os mecanismos de construción do Estado nacional en España, a súa debilidade e a articulación doutros discursos nacionalistas.

3. Comprender as dificultades no desenvolvemento da economía capitalista e da sociedade de clases en España dando conta da diversidade de ritmo e intensidade con que se produce nos distintos territorios peninsulares e especialmente das peculiaridades en Galicia, recoñecendo as conexións co contexto internacional.

Trátase de comprobar que o alumnado comprende as dificultades no desenvolvemento da economía de mercado en España e as desigualdades territoriais, explicando, por exemplo, a tardía modernización agraria e industrial de Galicia. Por outra parte, as alumnas e os alumnos deberán ser capaces de recoñecer os procesos de exclusión da sociedade liberal burguesa e os novos mecanismos de dominación e integración das mulleres. Tamén deben comprender o carácter oligárquico dos grupos hexemónicos, a debilidade das clases medias, a importancia que o internacionalismo ten na organización das correntes do movemento obreiro e a relevancia do movemento campesiño.

4. Comprender os cambios e conflitos que se producen en España durante o período de entreguerras. Por unha parte, a crise da Restauración, que amosa a incapacidade dos grupos hexemónicos para articular un proxecto liberal para España e desemboca na ditadura de Primo de Rivera. Por outra, o alumnado debe ser capaz de recoñecer e valorar a transcendencia da Segunda República, relacionándoa co contexto europeo en que tamén se produce a contraposición entre réximes democráticos e autoritarios.

Con este criterio comprobarase se o alumnado é capaz de analizar a multicausalidade na xénese das etapas que se van estudar: os conflitos sociais, políticos e de organización territorial que as constitúen. Tamén amosarán a súa competencia para explicar a conxuntura económica e social en que xorde a Segunda República (valorándoa como a primeira experiencia plenamente democrática do país, momento en que se fixo un grande esforzo modernizador e de atención a vellas cuestións de xustiza social) e os conflitos que tivo que afrontar ao longo das súas diversas etapas.

5. Comprender a orixe, desenvolvemento e consecuencias da Guerra Civil. Recoñecer, analizar e rexeitar as peculiaridades ideolóxicas e institucionais da ditadura franquista e a influencia que a conxuntura internacional tivo na evolución do réxime.

Este criterio pretende comprobar a habilidade do alumnado para explicar as orixes da sublevación militar e a transcendencia dos apoios internacionais. Tamén amosará a capacidade de criticar as bases ideolóxicas, os apoios sociais e a institucionalización da ditadura franquista, e como os acontecementos internacionais influíron no devir do réxime. Comprobarase ademais que o alumnado comprende a evolución da España franquista, analizando o progresivo divorcio da sociedade e o réxime a partir dos anos 60.

6. Describir os trazos e dificultades do proceso de transición democrática e a súa transcendencia, identificar as características da Constitución de 1978 e do Estatuto de Autonomía de Galicia e explicar os cambios políticos, económicos, sociais e culturais que achegaron a forma de vida da sociedade española aos estándares da Europa desenvolvida.

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para explicar os cambios introducidos na situación política, social, económica e cultural de España nos anos seguintes á morte de Franco e o papel dos artífices individuais e colectivos destes cambios, analizando criticamente o proceso de recuperación da convivencia democrática. As alumnas e os alumnos tamén deberán coñecer a estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial do Estado, e identificarán os cambios económicos, políticos, sociais e culturais dos anos 80 e a importancia do ingreso na Comunidade Europea (hoxe, Unión Europea). Por último, amosarán a capacidade de reflexionar e debater sobre algún problema da realidade actual.

7. Coñecer e utilizar as técnicas básicas da indagación e explicación histórica, como recoller información de diferentes fontes, valoralas criticamente e elaborar textos de contido histórico, utilizando con rigor o vocabulario específico e sendo capaces de traballar en grupo, amosando unha actitude participativa e colaborando na resolución de conflitos.

Este criterio pretende avaliar se as alumnas e os alumnos adquiriron a competencia necesaria para seleccionar, analizar e utilizar a información que achegan as fontes de documentación histórica, en especial os textos, mapas, datos estatísticos e iconográficos, comprobando as destrezas no manexo das tecnoloxías da información e da comunicación e a capacidade para comunicar oralmente e por escrito as súas

conclusións. Igualmente importante, permite comprobar se son quen de mostra capacidades sociais como a tolerancia, o sentido crítico e o traballo en equipo.

Proposta curricular	Criterios xerais de avaliación						
	1	2	3	4	5	6	7
1. Hispania e Gallaecia na antigüidade	*						*
2. Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais	*						*
3. Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica	*						*
4. A Monarquía borbónica no Antigo Réxime		*					*
5. Inicios e consolidación do réxime liberal		*					*
6. Estado e Nación na Restauración borbónica		*		*			*
7. As transformacións socioeconómicas na España liberal			*				*
8. Segunda República e Guerra Civil. 1931-1939				*	*		*
9. España no franquismo					*		*
10. España en democracia						*	*

10. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación da aprendizaxe do alumnado deberán terse en conta tanto o traballo individual de cada alumno como o realizado en grupo. Para o cal haberá que ter en conta:

- A comprensión dos contidos conceptuais.
- O nivel de descrición, de relación e de análise alcanzado en relación cos contidos procedementais.
- A adquisición e desenvolvemento dos contidos actitudinais.
- A expresión e comprensión oral e escrita.
- A responsabilidade asumida na realización dun traballo en grupo, así como a capacidade organizativa e de coordinación de tarefas.
- A calidade e variedade das fontes empregadas, así como a presentación formal dun traballo.

A valoración global do alumnado debe ser o resultado dun proceso o máis obxectivo posible, en permanente toma de datos procedentes da observación directa na aula e das probas e traballos realizado ao longo de curso. Como peso específico destes datos pode non ser equiparable, os alumnos deben coñecer previamente a porcentaxe que cada tipo de proba, traballo e outros elementos terán na súa cualificación final. En calquera caso terá en conta:

- Probas orais e escritas sobre contidos previamente traballados na aula.
- Probas orais e escritas sobre contidos adquiridos a través de indagacións e investigacións realizadas de forma individual ou en grupo.
- Datos relativos ao comportamento, actitude, interese, motivación... e funcionamento na clase e nos traballos de grupo.
-

Nas probas escritas poderán presentarse ao alumnado:

- Textos, gráficas, imaxes e mapas históricos para ser analizados e comentados, de acordo coas pautas dadas na aula.
- Termos para ser definidos
- Preguntas que o alumnado debe contestar a partir dos contidos desenvolvidos na aula.
- Desenvolvemento dun tema, a partir de fontes documentais, que o alumnado debe analizar e ter en conta.

11. TEMPORALIZACIÓN

A organización dos contidos e a súa distribución ao longo do curso escolar de 2º de Bacharelato orienta sobre a dedicación temporal que deben ter as diferentes unidades temáticas e, de modo indirecto, tamén sobre a súa significación no conxunto da programación da materia de Historia.

Unidades temáticas	Nº de sesións
1. Hispania e Gallaecia na antigüidade	5
2. Al-Andalus e os reinos cristiáns medievais	8
3. Os Reis Católicos e a Monarquía hispánica	8
4. A Monarquía borbónica no Antigo Réxime	8
5. Inicios e consolidación do Réxime liberal	13
6. Estado e nación na Restauración borbónica	12
7. As transformacións socioeconómicas na España liberal	8
8. Segunda República e Guerra Civil	10
9. España no franquismo	9
10. España en democracia	10

MES	SEMANA	UNIDADE TEMÁTICA
Setembro	3ª	1. HISPANIA E GALLAECIA NA ANTIGÜIDADE
	4ª	
Outubro	1ª	2. AL-ANDALUS E OS REINOS CRISTIÁNS MEDIEVAIS
	2ª	
	3ª	
	4ª	3. OS REIS CATÓLICOS E A MONARQUÍA HISPÁNICA
Novembro	1ª	4. A MONARQUÍA BORBÓNICA NO ANTIGO RÉXIME
	2ª	
	3ª	
	4ª	
Decembro	1ª	5. INICIOS E CONSOLIDACIÓN DO RÉXIME LIBERAL
	2ª	
	3ª	
	2ª	6. ESTADO E NACIÓN NA RESTAURACIÓN BORBÓNICA
	3ª	
	4ª	
Febreiro	1ª	7. AS TRANSFORMACIÓNS SOCIOECONÓMICAS NA ESPAÑA LIBERAL
	2ª	
	3ª	
	4ª	
Marzo	1ª	8. SEGUNDA REPÚBLICA E GUERRA CIVIL
	2ª	
	3ª	
	4ª	
Abril	1ª	9. ESPAÑA NO FRANQUISMO
	2ª	
	3ª	
	4ª	
Maio	1ª	10. ESPAÑA EN DEMOCRACIA
	2ª	
	3ª	